



Concello de Oza-Cesuras

DECRETO DA ALCALDÍA

Vista a providencia desta Alcaldía do 12 de xullo de 2021, pola que se acorda aprobar as bases e convocar o proceso selectivo para a contratación con carácter urxente en réxime de persoal laboral temporal dunha praza de axente de emprego e desenvolvemento local substituto durante a situación de baixa laboral por incapacidade temporal da titular.

Tendo que no día de hoxe o tribunal seleccionador acordou estimar parcialmente as alegacións presentadas pola candidata M.^a Carmen Vázquez Juncal fronte á valoración dos méritos de formación na fase de concurso e desestimar unicamente o curso de Técnico Superior Prevención de Riscos Laborais por non estar relacionado coas funcións propias do posto de traballo a desenvolver.

Vista a proposta do tribunal seleccionador para a dita contratación levada a cabo o pasado 6 de agosto de 2020 así como a ratificación da citada proposta realizada no día de hoxe favor da candidata que obtivo a maior puntuación, que resulta ser M.^a Carmen Vázquez Juncal, co seguinte resultado:

Nº	APELIDOS E NOME	Fase concurso		Proba de coñecemento e aptitudes		RESULTADO
		Experiencia	Formación	Test	Entrevista	
1	VÁZQUEZ JUNCAL, MARÍA CARMEN	0,00	10,00	30,50	16,75	57,25
2	VIDAL SÁNCHEZ, AMAYA	0,00	0,00	37,50	9,50	47,00

En base ao anteriormente exposto, en virtude das atribucións que me son conferidas pola normativa vixente en materia de réxime local, resolvín:

Primeiro.- Aprobar o resultado final do proceso selectivo para a contratación con carácter urxente en réxime de persoal laboral temporal dunha praza de axente de emprego e desenvolvemento local substituto durante a situación de baixa laboral por incapacidade temporal da titular, e nomear a D.^a María Carmen Vázquez Juncal, aspirante que obtivo a maior puntuación, para o posto de traballo, deixando como reserva segundo a valoración do tribunal a D.^a Amaya Vidal Sánchez

Segundo.- Comunicar á seleccionada, mediante chamada telefónica ao número, de teléfono que constan no expediente, que de conformidade co establecido na base 9.^a das que rexon o proceso selectivo, deberá presentar nun prazo máximo de dous días hábiles, os documentos acreditativos indicados na mesma e, unha vez presentada ésta, proceder á formalización do correspondente contrato.

Terceiro.- Dar traslado da anterior listaxe e demais datos necesarios, á Xestoría





Concello de Oza-Cesuras

Administrativa para que proceda a dalos de alta na Seguridade Social e comunicarlle que a formalización do contrato realizarase conforme ao previsto na lexislación vixente.

Oza-Cesuras, na data da sinatura electrónica

Dou fe,

O ALCALDE,

A SECRETARIA ACCIDENTAL,

Asdo.- J. Pablo González Cacheiro

Asdo.- M.^a Belén García Otero

